



Resolución reitoral do 11 de novembro de 2019 pola que se regulan os MOOCs (cursos masivos abertos en liña) elaborados no marco de proxectos de investigación.

A Universidade da Coruña, na súa firme aposta pola calidade e pola excelencia educativa, promove e fomenta desde diversos ámbitos a innovación pedagóxica sustentada nas tecnoloxías da aprendizaxe e do coñecemento co obxecto de favorecer a mellora continua dos seus procesos formativos.

Deste xeito, nos últimos anos, a Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente, en colaboración co Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE), puxo en marcha diversas accións tendentes a impulsar actividades de innovación educativa entre o seu profesorado. Nesta liña de acción e co obxecto de continuar dando resposta aos obxectivos recollidos no Plan estratéxico 2013-2020 da Universidade da Coruña, concretamente aos relativos á innovación, a docencia e a aprendizaxe e a proxección internacional da nosa institución, e sen prexuízo do procedemento xeral previsto na convocatoria para a elaboración dos cursos MOOCs, poderán acceder á plataforma MiriadaX, os MOOCs elaborados no marco de proxectos de investigación que obtivesen financiamento en convocatorias competitivas ou incluídos nas actividades dunha aula ou cátedra institucional da UDC.

O reitor

PD (RR 12/01/2016, Sede Electrónica UDC del 13/01/2016)

A vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente

Nancy Vázquez Veiga